CULTURA Y MEDIOS DE COMUNICACION EN SOCIEDADES DEPENDIENTES

X. Alonso Montero, R. Chao Rego, B. Cassen, Victor Freixanes, Armand Mattelart, Miguel de Moragas, J. Pérez Vilariño, Ignacio Ramonet, M. Vázquez Montalbán y otros

Edición de Miguel Cancio



Ediciós do Castro
SERIE LIMINAR *socioloxía*

INDICE

Página

INTRODUCCION. Por Miguel Cancio 7

NOTAS Y BIBLIOGRAFIA 13

INAUGURACION DE LOS COLOQUIOS POR EL EXCMO. DECANO, D. LUIS SUAREZ-LLANOS 23

1.ª Parte. LA CULTURA Y LA COMUNICACION COMO FORMAS COMPLEJAS DE DOMINACION: REFLEXIONES SOBRE LA CULTURA Y LA COMUNICACION EN LA ACTUALIDAD

Función de las comunicaciones masivas en época de crisis económica. Por Armand Mattelart 27

Nuevas tecnologías e imperialismo cultural. Por Ignacio Ramonet 57

A língua do Imperio na ciencia. Por Ramón Chao Rego 69

2.ª Parte. LA CULTURA Y LA COMUNICACION EN SOCIEDADES DEPENDIENTES

I. EL CASO ESPAÑOL (España)

La crisis y la cultura en España antes de que llegue 1984. Por Manolo Vázquez Montalbán 83

Medios de Comunicación y autonomía política. Por Miquel de Moragas Spa 91

II. EL CASO GALLEGO (Galicia)

Unha mesma tarefa. A cita coa palabra da cultura e a cita coa cultura da palabra. Por Xesús Alonso Montero 109

Sobre la promoción de la cultura popular gallega. Por Fernando Alonso Romero 133

Página

Cultura e imprensa: a función dos mass media na sociedade galega. Por Xosé Luis Fontenla Rodríguez 143
Lingua, poder e comunicación en Galicia. Por Victor F. Freixanes 157
Prensa y opinión pública en Galicia. Por José Pérez Vilariño 179
TABOA REDONDA 206
A independencia dos xornalistas e dos medios de comunicación social galegos. Por Xavier Otero 219
A independencia do periodista e o sexo dos anxos. Por Anxel Vence 225
III. ANÁLISIS DE OTROS CASOS: Puerto Rico y Nicaragua
El español y el inglés en Puerto Rico: Historia de una tentativa de etnocidio lingüístico. Por Bernard Cassen 235
El español y el inglés en Puerto Rico. Historia de una tentativa de etnocidio lingüístico 241
Notas para un estudio sobre «la información en un proceso de liberación. Por Emilio L. Méndez 257
Participantes en los coloquios y en esta publicación 271

7530 R. 7028

X. Alonso Montero
Ramón Chao Rego
B. Cassen
Víctor Freixanes
Armand Mattelart
Miguel de Moragas
J. Pérez Vilariño
Ignacio Ramonet
M. Vázquez Montalbán
y otros periodistas

y especialistas gallegos

CULTURA Y MEDIOS DE COMUNICACIÓN EN SOCIEDADES DEPENDIENTES

Edición de Miguel Cancio

BIBLIOTECA
FRANCISCO PILLADO RIVADULLA

Legado do Xornalista
D. Francisco Pillado Rivadulla

TABOA REDONDA: «*A INDEPENDENCIA DO PERIODISTA E DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN EN GALICIA*».

LUÍS ALVAREZ POUSA

Simplemente quero decir dúas ideas que lóxicamente quedarán sobre a mesa, para que máis tarde, no coloquio, se podan discutir, coloquio que penso vai ser importante e ao mesmo tempo participativo, pois o xornalista tende a proxectar dalgunha maneira a súa problemática personal e profesional, misturadas desde dentro do propio órgano informativo no que traballa.

Pois ben, existen duas ideas que se me ocurren a grandes rasgos en canto á independencia do profesional nunha nación como Galicia, que, en principio, tería unha triple dimensión: Por unha parte o poñer en cuestión a independencia do xornalista frente ao poder constituído, é decir, frente á administración. En segundo lugar o cuestionar a problemática do profesional da información desde o punto de vista da propia profesionalidade, tanto desde os primeiros momentos nos que o xornalista ten que enfrentarse cunha formación, como, posteriormente, cando xa está traballando dentro dun medio concreto, é unha problemática profesional, persoal, en canto que ha de responder como intermediario, que é, entre o medio e o lector, ha de enfrentarse con problemas de conciencia e de loita, contra o que poida opoñerse a obxectividade, que nunca existe en absoluto, pero que a loita ha de estar encamiñada a conquerir esa obxectividade, normalmente utópica. En terceiro lugar, cuestionar o papel do xornalista con respecto á empresa como tal, pois nunha sociedade estruturada como a española e, por suposto, dentro dunhas condicións de total dependencia por parte da nación galega respecto a España, pois nesta situación claramente capitalista, os modelos de empresa responden a uns sistemas de intereses, a un sistema de defensa dunhas clases privilexiadas e, por suposto, total adversión ás clases explotadas, disminuídas e dependentes; responde a unha estruturación social e ideolóxica ou, mellor dito, a correntes ideolóxicas que nestos momentos están dominando o país, é decir, todo un tipo de circunstancias que van impedindo que surxan outros tipos de empresas.

Ante isto é lóxico supoñer que o profesional en Galicia ten un doble tipo de dependencia: unha por parte dos poderes constituidos sobre os procesos informativos, a propiedade dos medios non está, lóxicamente, en mans dos profesionais que están traballando nos distintos medios informativos existentes en Galicia. Esta dependencia está claramente connotada xunto coa que ten calquera outro profesional en España, dependencia do poder político e poder administrativo; abonda pensar na normativa pola que se rixe a administración para poder controlar aos xornalistas (rexistro oficial de periodistas, cunha arbitrariedade constante que se da continuamente e que está levando ante os tribunais militares a cantidade de profesionais da información; tal é o caso de Pilar Miró, pola súa película «O Crimen de Cuenca» que está procesada, cando a Constitución, no seu art. 20, ten bastante claro os dereitos que deben darse con respecto á libertade de expresión). Pois ben, esta dependencia existe, pero a dependencia do xornalista galego é moito maior, pois dase unha superposición de nación a nación. Neste sentido, as empresas que existen en Galicia, pola propia estruturación social e política das clases, non poden ser outro tipo de empresas que as existentes e non poden responder abertamente ás necesidades e esixencias que se plantexa un pobo totalmente dependente, totalmente subdesenvolvido e sobre o que están deixando as botas, non só os militares, senón tamén os mais cercanos, que son a xente que sempre estivo dominando e dominan o país galego.

PERFECTO CONDE

Jean Paul Sartre facíase tres preguntas que logo conmocionaron parte da crítica literaria mundial e, desde logo, a metodoloxía para observar os fenómenos culturais, artísticos e, en xeral, todos os procesos da cultura. Preguntábase Sartre por qué había que escribir. Eu tomaría, agora que Sartre está morto, a súa idea para reflexionar sobre o que é a independencia do xornalista. Preguntaríame: independencia de quén; lóxicamente a resposta é dos xornalistas, pero a min gustaríame ser independentista. Por qué non falar de independencia dos porteiros, economistas, obreiros de Bazán... E independencia para qué, qué consiguiríamos con esa independencia. Agora, xa digo, para quén debe ser esa independencia, con respecto a qué debe ser e preguntaríame, tamén, cómo se consigue. Fago todas istas preguntas porque eu non sei si existe a independencia do xornalista, ainda que na cabeceira do meu diario pódese ler diario independente, e, por qué non decilo, penso que é un dos xornais máis independentes. Agora ben, ¿pra que

queremos a independencia os periodistas? Sendo unha profesión que está chea de xentes dunhas características moi determinadas, é decir, e volvo a preguntar: ¿mais independencia aínda para xornalistas que practican absoluta incultura todos os días, que practican os amoralismos máis flagrantes, que practicaron antes un vello colaboracionismo e agora un neo-colaboracionismo realmente preocupante, e non en vano sigue sendo a práctica do xornalismo un camiño bastante certeiro para chega á política, para chegar á empresa e bastante certeiro para chegar ás eleccións? Enton, a independencia é algunha desas cousas que parece que é, e canto máis independencia mellor.

O xornalista é unha peza dentro da industria da comunicación, unha peza utilizada comercialmente incluso. E decir, se por independencia entendamos que día a día somos os xornalistas os que coñocemos a realidade na que vivimos, entón somos independentistas. Se independencia é que os xornalistas han de ter moi claro o que teñen que facer (xa temos os estatutos da profesión que é unha das cousas que máis cortan a independencia). Se independencia é que os xornalistas saiban a quén serven, por qué o serven e para que o serven, entón somos independentistas. Se independencia é facer, como deica agora, facer o que máis lle convén a un, para medrar políticamente ou medrar profesionalmente, neste sentido, somos independentistas.

Dúbido moito que discutir horas e horas sobre a independencia xornalista non lle vai a esclarecer a nadie as ideas: eu creo que o que temos que conquerir é a independencia da información, non dos xornalistas, conquerir eses antigos costumes primitivos de decir cada un o que queira, como queira e onde queira. E decir, temos que conquerir unha sociedade na que a libertade de expresión sexa algo operante e conduza a un intercambio de ideas, de datos e opinións, que perciben todos os membros da sociedade. Así pois, a cuestión de conquerir a independencia paréceme ben, ¿pero é realmente posíbel acadala?.

Actualmente, son 5 os grandes monstruos mundiais que nos dominan a través da súa imposición de mensaxes concretos e reparten, ao mesmo tempo, os espacios informativos (a partir de agora serán 6, pois a *Axencia EFE* pasou a ser outra dos grandes monstros da información). Moitas veces decimos «viva a independencia», pero esa independencia será de alguén, con respecto a alguén; é preciso conceptuar esa independencia. Está craro que un proceso de independencia empeza por cuestionar xa, sen perder mais tempo, cuestionala dende dentro e cuestionala a todos os niveis, e este cuestionamento pasa por recoñecer que a nosa é unha profesión na que hai moito que rascar por dentro.

AGUSTIN DIAZ

Vou siñalar catro cousas xa demasiado conocidas sobre o que hoxe é a prensa en Galicia, e sobre os que traballamos nos medios de comunicación galegos.

A nivel xeral, en Galicia hai un certo número de medios de comunicación que lle chaman do Estado, pero dos que habería que decir que son medios de comunicación do Goberno, pois agora non se chegou a facer unha regulación xurídica que distinga o que é o Estado e o que é o Goberno; entón, os medios públicos estatais son medios de comunicación gubernamentáis, que dependen única e exclusivamente do partido que está no poder.

Os periódicos que existen hoxe en Galicia podíamos caracterizalos por unha serie de matices, que son a grandes rasgos: «a súa razón de ser»: evidentemente, na caracterización que eu penso facer existe un matiz predominante, pero sempre haberá outros matices que se veñen a entrecruzar na razón de ser de cada xornal.

Haberá periódicos onde predomine o criterio esencialmente ideolóxico á hora de concebir o producto e querer vendelo. Outros terán un carácter máis comercial: pretenderán máis a venta. Haberá outras empresas que serán a expresión de un grupo de presión, que, ao millor, redúcese a unha familia, pero nos que tamén están misturados os criterios de tipo ideolóxico e comercial; este tipo de empresas, pola súa naturaleza, pretender acadar os fíns ideolóxicos, comerciais ou de prestixio familiar a través dun nivel mínimo de venta que lle permita subsistir, facer beneficios, que eu penso que en Galicia, ainda que sexa un obxectivo non é un obxectivo realizado por nengunha empresa periodística, senón que se conforman con non ter demasiadas perdas.

Algúns exemplos dos tipos definidos:

—de tipo ideolóxico: Ideal Gallego.
—de tipo comercial: Faro de Vigo.
—de tipo familiar: La Región.

Dentro desta clasificación queda fora o xornal máis difundido, *La Voz de Galicia*, que participa dos tres matices, sen que me atreva a precisar cal é o que domina.

Hai unha serie de limitacións de tipo supraestructural que motivan a dependencia dos medios de comunicación en Galicia, e dos que poderíamos citar:

— nivel de alfabetización en Galicia, teito que pode haber en Galicia de lectura: a estos niveis hai que unirlle a dimensión e

dispersión da poboación, extremos estes que dificultan as posibilidades de expansión en tanto que as circunstancias non cambien, dunha empresa periodística. Desta maneira, as empresas periodísticas que viven en Galicia teñen que ser forzosamente empresas moi limitadas desde o punto de vista empresarial, é decir, empresas condenadas a un semifracaso ou a un semiéxito, pero nunca haberá unha empresa que triunfe, mentra a sociedade galega non cambie nos dous aspectos citados anteriormente.

Dentro das empresas xornalísticas hai unha serie de persoas que chamamos «xornalistas», surxindo aquí o primeiro conflicto, ¿que é o xornalista? Segundo a opinión de Santiago Rey, «periodista é todo aquel que escribe nun periódico ou edítalo», pero ¿quen pode escribir nun periódico ou editalo? Esta cuestión levaríanos moi lonxe: eu simplemente esixiría para a profesión de periodistas un nivel mínimo de preparación; pode ser a nivel universitario, pero é preciso que teñamos en conta que moitas firmas que hoxe vemos nos periódicos nacionais, se cadra as máis coñecidas, son de xente non xornalista que, polo tanto, non están dentro do medio.

A dependencia e independencia do xornalista, depende da dependencia ou independencia respectiva do medio no que traballa; é pois, a empresa propietaria do medio a que marca os límites da dependencia profesional, pois ante isto o xornalista terá dúas alternativas: ou ben plegarse na medida que crea conciliábel ca súa conciencia o nivel marcado pola súa empresa ou, se non existe ese grado de identificación, poderá: ún —seguir traballando na empresa sen posibilidades de ascenso ou ben cambiar de profesión.

ISAAC DIAZ PARDO

Boeno. Eu realmente non sei o que fago aquí, pois eu non son xornalista; a cousa debe de ser porque estou intentando crear un diario galego; entón eu veño a falar sobre o futuro, pois non teño ningunha experiencia.

Eu estou con xente que se preocupa polo problema da información e que considera que a información é a cousa mais importante que se pode facer hoxe, especialmente en Galicia, pois a información é o que realmente goberna, entón quen teña a información ten o goberno. Esta información pode ser boa ou mala, pode ser construtiva ou alleanate; entón o problema da información é importantísimo para a situación na que se atopa Galicia.

Desde o punto de vista de empresario, todo o que aquí se está decindo paréceme moi importante; agora ben, ¿para qué queremos a independencia? ¿qué desexamos conquerir con esa independencia?. Pois ben, se esa independencia a queremos para ter libertade o que temos que considerar e que é un problema ético, o problema da prensa en Galicia, é un problema do círculo vicioso no que se atopa Galicia; esta é unha rexión toda ela dependente, cunha economía dependente, parte dos seus recursos están en man de xente que non son galegas, todo esto fai que o poder de decisión non estea en Galicia; ante isto as empresas periodísticas galegas, ao estar inmersas nesta situación, aínda que quixeran non poderían exercer a súa independencia: aínda que houbese boa intención por parte dos empresarios do periodismo en exercer unha independencia en favor de Galicia, non poden, porque os medios de dependencia económica son coercitivos e obrigan a calar unhas cousas e decir outras, e desta forma ir condicionando a situación que vai defendendo e tratando de perpetuar esa economía dependente.

Entón o xornalista, se a empresa non ten libertade real para poder facer o que quere, ¿cómo vai a ter libertade real o periodista dentro desa mesma empresa para poder facer o que queira? E importante ver cómo os periodistas se dan conta desta situación e intentan loitar contra ela preguntándose cómo poden salir deste círculo vicioso.

Eu penso que non se vai saír deste círculo vicioso se Galicia non recobra verdadeiramente a súa identidade histórica, política, a súa personalidade económica, independizándose en certo sentido, e recupera o control dos seus medios económicos, o control dos seus recursos. Entón paréceme a min que este é o problema que vai afectar á prensa.

Ben, nós fixemos unha sociedade na que hai unha xunta de fundadores que é a que goberna, en teoría, a pureza ideolóxica da comunicación; esta é unha sociedade moi amplia (250 persoas); así, pois, esta empresa é difícil que caia nun círculo vicioso de intereses determinados, pois somos moitos para defender a libertade, pero se non nola dan non podemos facer nada.

Pouco a pouco nós trataremos de ir cambiando as cousas, para eso temos un programa onde tratamos de:

— apoiar o crédito; as Caixas de Aforros recollen o 45% do aforro en Galicia; estas contan cunha certa independencia para canalizar ese diñeiro como crean máis conveniente; pero o resto do crédito está canalizado por xente allea aos intereses de Galicia,

éste é un recurso moi poderoso que non temos nas mans. Temos que apoiar, pois, mentras non cambie o sistema económico, o aforro e o crédito en Galicia a través das institucións galegas para que realmente opere sobre Galicia.

MARGARITA LEDO ANDION,

A titulación xenérica desta mesma, «independencia dos medios de comunicación e do periodista» en Galicia semella dabondo misticista, pois que da única independencia que se pode falar averbo dos medios é a que estes manteñen respecto da nosa sociedade, respecto das esixencias informativas do noso movimento social.

Aos medios de comunicación en Galicia preocúpalles ben máis, pola contra, abusar do emperismo e da descontextualización dos feitos, mecánica que lles vai permitir instrumentalizalos mellor. Todos lembrarmos, neste senso, os diarios do día 2 de maio, as súas portadas amadrileñadas —o intento de españolizar é unha das características máis profundas da prensa do noso país—, en tanto que a información sobre o primeiro de maio en Galicia aparecía seccionada, sen globalizar e sen basear nos datos tirados do movimento sindical e político ou en como se sucedera meses atrás a negociación dos convenios, e que sí contextualizarían os datos simbólicos que tiñan lugar o día primeiro. Recurriuse, como sempre, a unha descripción liñal e por cada vila, e a valoración que a faga, en forma de crónica, calquera axencia de información española.

Esta indenpendecia respecto á sociedade tradúcese, por exemplo, na independencia respecto ao propio idioma. A prensa en Galicia usa o español como lingua informativa única, non por determinantes comerciais —como as veces a presentan— senón porque a súa política, como a oficial, o galego queda para aqueles espacios de cobertura individual, de articulistas, pero proíbese como lingua social, non é lingua informativa.

E para falar, agora, da servidume oficialista da prensa escrita en Galicia, do seu vínculo cos monopolios e da súa independencia dos canles comerciais informativos españois pro-imperialistas imos ter que citar seguido «La Voz de Galicia», citámola porque coidamos que é

quen representa mellor a política informativa colonizadora; porque ten maior introdución social e, polo tanto, cumple máis eficazmente o seu papel e, sobre todo, porque faino cunha mecánica que xa non é propia da prensa local, unha mecánica asentada en non ter, formalmente, liña editorial; non ser belixerante e evitar o enfrentamento como fai, pola contra, a prensa local cando hai algo que a nivel de intereses de grupo lle afecta. «La Voz de Galicia» prefire o silenciamento ou mesmo desvalorizar feitos con recursos simples de titular a unha columna a ún entre as esquelas.

En moitos casos a servidume oficialista e a servidume aos monopolios confúndese e os diarios de Galicia corren a recoller as notas informativas dun complexo como a «Alúmina» e estas notas quen llas facilita é un organismo da administración española. Porén, non se preocupan de desplazar a alguén que dea cobertura directa ao contencioso Alúmina-veciños da costa luguesa nun momento conflictivo. Iso sí, aos poucos días unha xornalista de «La Voz de Galicia» sar para o Norte, e durante unha semana publícanse unha resta de seudoreportaxes que lindan coa publicidade aberta, porque encuberta xa o son. De calquera xeito, o papel propagandista que comple a prensa española en Galicia, quizais onde mellor se reflexe sexa na información sobre o que pasa no mundo, na queima de personaxes políticos e, sobre todo, en cómo se evita informar dos elementos mínimos que permitan situar os feitos nas coordenadas en que acontecen.

Penso pois, que o grande problema que se plantexa en Galicia é o da galeguización dos medios informativos, galeguización que non se vai dar por propios intereses senón que dependerá do grado de existencia que lla enfrente ao movimento social; e isto non é utópico porque todos lembramos os anos 74-75, nos que o idioma foi capaz de penetrar como lingua informativa nos xornais non por decisión das empresas, senón polos comunicados das organizacións políticas e populares, polas súas rodas informativas no noso idioma, por implantarse en asambleas e actos públicos, etc., e porque o momento era máis ambiguo no referente ao tipo de democracia formal que se ía estabilizar nun par de anos. Da aquela, o movimento social fixo penetrar ao galego como a lingua informativa e inda que hoxe a situación variou, e a nosa lingua foi reducida, outra volta, a temas «culturais», ás colaboracións, e ás citas recollidas de maneira paternalista en textos titulados e con entradiña na lingua A, en español para afianzar a diglosia; se unha sociedade encara a esixencia da galeguización destes medios —como tamén os medios de comunicación para súa desgracia, se non teñen introdución social non serven para moito— terán que ser menos fraudulentos, menos «independentes» da sociedade en que están.

Por outra banda, e a nivel de fondo, considero que a galeguización dos medios de comunicación en Galicia vincúlanse a alternativas políticas concretas e, no noso caso, estou convencida de que a prensa en Galicia non poderá seguir ao marxe desta sociedade que son os intereses populares —queiran ou non— se así llo impón un proceso de soberanía política. Eis o cambio cualitativo fundamental.•

MARIA TERESA NAVAZA

Diante da TVG teño a inquedanza como traballadora, como ciudadana e como galega.

A TVG, polo de agora, atura unha estrutura semellante á de calquera programa informativo nacional. Lévase a cabo en base a puras reflexións personais e, en resumidas contas, a TV «desde» Galicia e «para» Galicia, non chegou a ser aínda «de» Galicia. O tema é trascendente e preocupa, esixe estudos, reflexións e plantexamentos exactos. Non hai que esquencer que un país tan diversificado como o noso, a TV é, na maior parte dos casos, o único medio informativo con que se conta. De aí a importancia dun programa informativo rexional. (Recentes inquisas sinalan que o 63 % da poboación non le nengún diario e o 60 % non merca nengún libro.) Hai poucos anos levouse a cabo un experimento na República Federal Alemana e en Gran Bretaña no que se pagaba certa cantidade á semán a quen estivese disposto a non ter TV durante un ano. Só pouquisimas persoas resistiron 5 meses e ningún chegou ao ano. Os que o tentaron acusaron os mesmos efectos que produce o deixaren as drogas ou alcohol e sofriron fortes depresións nerviosas.

Tense escrito que a TV, no bloque capitalista, é trivial, evasiva, deformante e marxinal. E certamente, se ninguén demostra o contrario, a TV non poidese ser, endexamais, formativa. Por exemplo, ¿qué xornal galego, orienta, xuzga, critica o labor de TVG, desde todos os puntos de vista?

Todo o mundo fala da corrupción da TV estatal, pero por desgracia un tema tan doado de criticar, non se produciu na TVG. O crítico de *El País,* Pérez Ornia, decía recentemente no Ateneo coruñés que as televisións autonómicas actuais son de broma. Son unha tomadura de pelo da central xa que non son autónomas por diversas razóns: polos seus contidos, teñen un tempo ridículo de programación e, por riba, de refugo xa que o horario permite que a súa audiencia sexa en toda España inferior a 3 millóns, cando durante a programación nocturna dun día normal se chega aos 15 millóns.

O programa galego deportivo é unha tomadura de pelo xa que iso é exactamente igual que programar un partido de fútbol ou coros e danzas o primeiro de Maio.

Unha cuestión fundamental no problema das nacionalidades, en que a propia Constitución recoñece o dereito a defensa do idioma, cultura, identidade de cada nacionalidade, nengunha entidade cultural ou política do país galego revindicou o dereito e a obriga que ten a TV como medio público que pagamos todos, a se expresaren en lingua galega, xa que é a lingua maioritaria de Galicia. O Instituto de Ciencias da Familia siñala que o 76 % da poboación galega é bilingüe, que o 16 % fala somente galego e o 4 % utiliza exclusivamente o castelán. O idioma que se debe empregar nun medio de comunicación maioritario é precisamente o da maioría, ou sexa, o galego. Temos que ter en conta, ademais, que do 76 % dos bilingües, o 65 % ten por lingua materna o galego e o 11 % o castelán.

A *Axencia EFE* trasmitía desde Barcelona o día 15 do mes pasado unha nota que decía: «A executiva do PSC-PSOE decidiu pedir a destitución inmediata do director xerente da RTVE en Barcelona Jorge Arandes, por consideralo responsábel máximo da non transmisión en directo do acto de inauguración oficial do Parlamento de Cataluña. O PSC-PSOE pide un proceso de autocatalanización e democratización interna de RTVE en Cataluña, sen o que este organismo estea de costas ao proceso de recuperación do autogoberno de Cataluña.

Nós, traballadores galegos, preguntámonos onde están os santóns da nosa cultura, os políticos galegos, que coa súa actitude só demostraron que o único que lles interesa é salir en TV ainda que sexa unha vez ao mes, un minuto, para lernos un comunicado ou para falarnos dun novo libro.

A nosa loita como traballadores é estéril se non está apoiada pola sociedade. Así, pode chegar a producirse unha situación tan insólita coma a seguinte: tras da petición de máis de 4 mil galegos (entre eles o máis representatiavo do mundo da cultura) dun cambio total das estruturas televisivas actuais, o director Eugenio Pena —o que é lóxico desde o seu punto de vista— reta á opinión pública a que diga que TV quere. ¿Onde está esa opinión pública? ¿Qué xiucios nos van merecer determinados políticos e intelectuais que piden a inmediata reforma deste medio e logo calan? ¿Por qué non lles preocupa o tema galego? Posibelmente porque non teñen alternativas.

Nós, como traballadores, quixéramos que o horario de emisións —por exemplo, 8 a 9— cadrase, como en todos os países da área europea con Televisións rexionais, con horas de maior audiencia.

Poderíamos emitir 15 minutos de información xeral (un telediario estatal que dá información nacional, internacional, tempo e deportes, ten só media hora), logo 15 minutos para unha reportaxe de actualidade no que se contrastasen opinións sobre un problema de Galicia e outra media hora para potenciar a lingua, a cultura nas súas diferentes manifestacións: música, teatro, cine, pintura, etc..., e, sobre todo, para traballare nun aspecto fundamental que é a EDUCACION. Xa non é casualidade que a TV estatal non teña programas educativos, pero máis indignante é que en Galicia, un idioma propio, tan ameazado arreo, nun momento tan grave e determinante para o futuro, a TV galega non eduque, para así eliminar o que aínda poida ter de desprestixio, como soporte fundamental para unha normalización da lingua e para o seu afianzamento definitivo. E mentira que para esto se necesiten grandes inversións de diñeiro, porque abrir unha cámara e poñer a un ou dous profesores que durante 10 minutos dean unha clase en galego, non compre nen decorados nen vestimenta, nen azafatas. Sae moitísimo máis caro filmar a todos os equipos de 2.ª e 3.ª división de fútbol todos os fins de semana, traballo este no que se consumen centenares de metros de películas, moviliza un enorme equipo humano e logo ocupa unha hora de programación co agravante de que se fala na súa totalidade en castelán e aínda non protestou ninguén.

A Xunta de Galicia e a Consellería de Cultura, ¿qué defensa están a facer dos intereses de Galicia? E ridículo, en todo caso, que unha manifestación da Xunta de Galicia arredor deste tema sexa a petición dunha escola universitaria de profesionais de TV, tirándose da manga unha nova especialiade que non contempla ao sistema educativo porque para iso xa están as facultades de Ciencias da Información, fábrica de parados da que unha alta porcentaxe son galegos. Imaxínense cada 3 anos promocións de 300 locutores galegos, que lóxicamente desexarían entrar a traballar en TVG. Resultado, veríamonos dando a información a coro, como un Orfeón «Terra Nosa».

¿Cáles son as perspectivas que abre o Estatuto da RTV? Fala da concesión dun terceiro canal, pero sempre e cando todo o territorio nacional estea cuberto co UHF. Se no Mundial se chegasen a invertir os 13 mil millóns que están previstos, o 2.º Canal chegará a cubrir ó 80 % do Estado, pero parece que eses 13 mil millóns se van a quedar na metade: A Galicia correspondéronlle 429 millóns para renovación de centros emisores, cantidade ridícula comparada con outras zonas. Ao centro dedícanse 1.875 millóns, correspondendo só 902 a Madrid; a Canarias, 1.543; a Andalucía, 1.477; a Cataluña, 889; a Valencia, 481; ao País Vasco, 439, e repito, a Galicia 429 millóns.

Hai que decir outra vez que os políticos galegos amosaron outra vez máis, a súa total indiferencia polo tema TV, e houbo que copiar urxentemente o tema do Estatuto Catalán. Pero os cataláns xa estan, desde hai tempo, emitindo 11 horas semanais totalmente en catalán, con espacios deportivos, dramáticos, informativos, culturais, infantís...

É posíbel a consecución deste terceiro canal, pero astra ese momento, e ai temos o exemplo catalán, sempre queda o recurso de utilizar a 2.ª Cadea a unha hora de tanta audiencia como ás 11 da noite.

En canto á independencia do profesional que traballa nun medio público como éste, é evidente que dunha ou outra maneira sempre estará condicionado polas directrices do partido que estea no poder, que coñece perfectamente a vital importancia que ten como transmisor de ideoloxías.

Resumindo, para nós, unha TV autonómica debe ser democrática, que os seus órganos de xestión sexan elexidos democráticamente, que teña un presuposto acorde coa audiencia, racionalizando os medios técnicos e humanos e que se produza e emita unha programación segundo as ideas da audiencia.

O futuro parece pouco claro, pero que non se diga que é por falta de entusiasmo e preocupación da maioría dos traballadores. Entusiasmo e preocupación dos que xa dimos mostra en máis dunha ocasión e que aínda non conseguiron, como moi ben decía Luis Mariñas, o director de TVG, hoxe director dun bon informativo estatal, que TV «desde» Galicia e «para» Galicia non chegou a ser aínda «de» Galicia.

JAVIER NAVAZA

Nas empresas periodísticas de Galicia, estanse dando grandes presións a través da publicidade, que están impedindo calqueira tipo de proceso de adecuación normal da información galega ao mundo e á realidade de Galicia; son presións que veñen dadas polo modelo económico que se está a impoñer á sociedade galega, presións que, además, no seu futuro medio prevén, que sería a situación idónea para eles, unha total homoxeneización da sociedade galega para a súa expansión, de acordo cas súas premisas previas, que proceden, evidentemente, de premisas foráneas, alleas a Galicia. Estas presións, además, conducen, vese en distintos periódicos galegos actuais e están producindo unha standarización da forma de facer periodismo nestes periódicos; danse incluso cando se chega á necesidade de renovar seccións,

etc., fanse como si se fixeran en Madrid, Londres ou calquera outro lugar do mundo.

'Por outra parte, dase a circunstancia de que mentres que noutros lugares a imposición e as presións das grandes empresas a través da publicidade van dirixidas dunha maneira a opcións ideolóxicas e políticas moi concretas, no caso de Galicia van dirixidas a todo aquelo que se opoña ao modelo económico que se pretende instaurar (casos *Teima* e *Nosa Terra* son proba de elo). A capacidade de subsistencia dos medios de información son mínimas. Por outro lado, ofrécesenos o que eu chamaría «sumisión animal» das empresas periodísticas galegas e esas presións dos grandes monopolios. Chámolle sumisión animal, en tanto que o animal no seu comportamento asume o que lle botan enriba e adáptase sen mais, mentres que o home nunha situación normal, como home e ser humano, debería traballar para adecuar eses condicionamentos á súa propia realidade e ás súas propias necesidades de desenvolvimento económico autonómico; a situación de dependencia, pois, é evidente; son presións incluso tan directas e relacionadas entre a presión económica e política que temos exemplos moitas veces grotescos, como o caso dun diario do sur de Galicia, que no proceso da campaña electoral do 1 de marzo para non herir as susceptibilidades dos seus anunciantes, decide e pon un cartel en portada anunciando que desde aquel día non vai facer información política nengunha.

Por outro lado, a desinformación case absoluta de o que está pasando día a día en todas as zonas e comarcas de Galicia (aquí pasamos das maniobras militares no Irán á crónica do xuicio dun homicida en Pontevedra). Os feitos aparecen porque sí, e non se da información detallada dos conflictos.

O problema é tan grave como o de afrontar o autosostenimento dos posibeis futuros proxectos de empresa periodística en Galicia. Buscar empresas autóctonas, orixinarias de Galicia, con intereses galegos que podían ser unha fonte de publicidade (isto foi un intento do que quixo facer *Teima*) e, por outro lado, as posibeis esixencias que podan partir do movimento social.